

## IMPACTO NUN ENCLAVE BOTÁNICO ÚNICO

A área na que Altri pretende construír a súa fábrica na Ulloa atópase sobre rochas serpentínicas, cun substrato ultrabásico, elevada presenza de metais pesados e baixa fertilidade. Estas características singulares do solo propiciaron a evolución de especies botánicas únicas e endémicas desta zona entre as que destacan a santolina de Melide (*Santolina melidensis*), a herba de namorar de Merino (*Armeria merinoi*) ou a margarida de Barazón (*Leucanthemum gallaecica*), todas protexidas e en perigo de extinción.



A fauna existente tamén alberga especies moi pouco comúns, unha decena delas tamén catalogadas legalmente como ameazadas.



Conecta:




altri  
**NON**



ALTRI /  
GREENFIBER

UNHA MACROCELULOSA  
NO CORAZÓN DE GALICIA



A pasteira portuguesa Altri proxecta construír na Ulloa **a fábrica de celulosa soluble máis grande de Europa**, e faíno prometendo que será cun proceso industrial limpo e circular, beneficioso para o medio ambiente e o entorno socioeconómico.

Pero esas promesas morreron en canto coñecemos a realidade do proxecto a través do **Diario Oficial de Galicia**.



- Produción de 400.000 toneladas anuais de celulosa soluble e 200.000 de Lyocell.
- Consumo masivo e insostible de auga.
- Contaminación fluvial e atmosférica.
- Violación de espazos protexidos.
- Agresión a fauna e flora endémica en perigo de extinción.
- Incompatibilidade co tecido económico local.
- Destrucción de postos de traballo.

Se queres coñecer a verdade sobre a macrocelulosa de Altri na Ulloa, contámoscha.



## CONSUMO MASIVO DE AUGA E VERTIDOS NO RÍO ULLA

Captación de 46 millóns de litros de auga cada día do encoro de Portodemouros, no río Ulla.

Vertido de 30 millóns de litros de auga tratada e contaminada cada día con elevadas cantidades de compostos químicos orgánicos, a unha temperatura de 27°.



### Consecuencias:

- Eutrofización.
- Morte da fauna piscícola e degradación do ecosistema
- Proliferación de cianobacterias e microcistinas.
- Problemas de abastecemento de auga para as poboacións dependentes do Ulla, cunha poboación total aproximada de 150.000 persoas.
- Ameaza da produción marisqueira na ría de Arousa.



## EUCALIPTIZACIÓN

Consumo de 4.000 hectáreas de eucalipto por ano nun radio de 100 Km.

Expansión do monocultivo de eucalipto na zona central de Galicia.



### Consecuencias:

- Aumento e intensidade dos incendios forestais.
- Diminución da base territorial para a agricultura e gandería en comarcas cun grande peso do sector primario.
- Degradación ecolóxica e perda de biodiversidade.



## CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

A produción de celulosa soluble tamén contamina o aire, de todos os compostos emitidos son especialmente preocupantes:

- O material particulado: as partículas procedentes das distintas caldeiras, en especial da de biomasa. Estas partículas serían máis perigosas canto máis pequenas sexan (por debaixo das 2,5 micras). Datos que non están contemplados no seu estudo de emisións.
- Entre as partículas emitidas pola caldeira de biomasa pode haber benzo-a-pireno, moi perigoso para a saúde polo seu efecto canceríxeno
- Dióxido de xofre e óxidos de nitróxeno, que ademais de ser perigosos para a saúde, poden reaccionar coa humidade ou outros compostos do aire e formar novos contaminantes (por exemplo ozono)



- Hai que ter en conta que ademais producirán gases de efecto invernadoiro: metano e hidrofluorocarburos, este último un axente causante de cambio climático mil veces máis potente que o CO2.

## DESTRUCCIÓN DE EMPREGO LIGADO AO SECTOR PRIMARIO, O CAMIÑO DE SANTIAGO E O TURISMO

A fábrica de Altri na Ulloa está deseñada para albergar un cadro de persoal máximo de 500 persoas.

Pola contra o impacto económico negativo é superior a eses 500 empregos:

- Degradación do Camiño de Santiago, un dos principais motores económicos de Melide (a 5 km da fábrica) e de Palas de Rei. A variante francesa do Camiño, con máis de 200.000 peregrinos por ano, pasa a menos de 2 Km do emprazamento da fábrica, que tería edificios de 60 metros de altura e chemineas de 75 metros. O propio EIA califica o impacto como severo
- Perda do valor dos bens inmobles na contorna.
- Posible perda do selo ecolóxico para as empresas agrogandeiras certificadas da zona.
- Impacto na agricultura e na gandería a causa da contaminación das terras, da auga e pola competencia con Altri polos recursos (terras e auga).

